



COMISIÓN EUROPEA  
Dirección General de Agricultura

**“Campaña de información para  
escolares e universitarios  
de Galicia sobre a  
multifuncionalidade da PAC  
e a súa contribución ao  
desenvolvemento das zonas  
rurais”**

**Acción cofinanciada nun 50% pola COMISION EUROPEA**

**“A responsabilidade recae exclusivamente no autor e a Comisión non é responsable de ningún emprego da información aquí contida”**



COMISIÓN EUROPEA  
Dirección General de Agricultura



COMISIÓN EUROPEA  
Dirección General de Agricultura

## INDICE

MÓDULO I: QUE É A PAC E CALES SON OS SEUS OBXECTIVOS? .....	1
1. A UNIÓN EUROPEA E AS SÚAS POLÍTICAS.....	3
1.1. COMPOSICIÓN DA UNIÓN EUROPEA.....	3
1.1. POLÍTICAS DA UNIÓN EUROPEA .....	3
2. POLÍTICA AGRÍCOLA COMÚN (PAC) .....	4
2.1. ORIXE DA PAC.....	4
2.2. A REFORMA DA PAC .....	6
2.4. OBXECTIVOS DA PAC .....	8
MÓDULO II: MULTIFUNCIONALIDADE DA AGRICULTURA.....	11
1. MULTIFUNCIONALIDADE DA AGRICULTURA.....	13
1.1. INTRODUCCIÓN .....	13
1.2. PRODUCCIÓN DE ALIMENTOS E MATERIAS PRIMAS .....	14
1.3. PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE .....	16
1.4. CONSERVACIÓN DA PAISAXE.....	17
1.5. MANTEMENTO DO TECIDO SOCIOECONÓMICO NAS ZONAS RURAIS <sup>18</sup>	
MÓDULO III: A PAC E O DESENVOLVEMENTO RURAL .....	19
1. INTRODUCCIÓN.....	21
2. IMPORTANCIA DAS ZONAS RURAIS .....	21
2.1. AS MEDIDAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA PAC.....	22
ANEXO: PARA SABER MÁIS .....	29
1. RECURSOS .....	31



COMISIÓN EUROPEA  
Dirección General de Agricultura



COMISIÓN EUROPEA  
Dirección General de Agricultura

## **MÓDULO I: QUE É A PAC E CALES SON OS SEUS OBXECTIVOS?**



COMISIÓN EUROPEA  
Dirección General de Agricultura



## 1. A UNIÓN EUROPEA E AS SÚAS POLÍTICAS

### 1.1. COMPOSICIÓN DA UNIÓN EUROPEA

A Unión Europea (UE) é unha comunidade de países. Dende a súa constitución mediante o Tratado de Roma en 1957 foi variando a súa composición, o seu nome e os seus obxectivos.

Ano	Adhesión	Nº países
1957	Bélxica, Francia, Italia, Luxemburgo, Países Baixos e Rep. Fed. Alemania	6
1973	Dinamarca, Irlanda e Reino Unido	9
1981	Grecia	10
1986	España e Portugal	12
1995	Austria, Finlandia e Suecia	15
2004	República Checa, Hungría, Polonia, Eslovaquia, Estonia, Letonia, Lituania, Eslovenia, Chipre e Malta	25
2007	Bulgaria e Rumanía	27

Actualmente pertencen á UE 27 países.

### 1.1. POLÍTICAS DA UNIÓN EUROPEA

A unión entre países reforzou a democracia, fixo de Europa un lugar máis seguro e aumentou o seu potencial para o crecemento comercial e económico.

Entre as vantaxes de pertencer á Unión Europea destacan que compartimos unha moeda única forte (o Euro) e que temos liberdade para vivir ou traballar en calquera dos Estados Membros que a forman.



A Unión Europea ten un presuposto anual de máis de 120.000 Millóns de € que procede das seguintes fontes:

- Dereitos de aduana sobre os produtos importados de fóra da UE.
- Porcentaxe do IVE recadado.
- Contribucións de cada Estado Membro en función da súa riqueza.

Con todo este diñeiro, a UE actúa nunha ampla serie de ámbitos para o beneficio dos países e dos seus cidadáns. As principais políticas son:

- Políticas de solidariedade ou de cohesión: Teñen como obxectivo axudar ás rexións máis atrasadas ou aos sectores industriais que se atopan nunha situación difícil. Por exemplo a Política Agrícola Común (PAC).
- Políticas de innovación: Repercuten na vida cotiá dos seus cidadáns ao abordar os desafíos reais aos que se enfrenta a sociedade, por exemplo: medioambiente e desenvolvemento sostible, innovación tecnolóxica, enerxía,

## **2. POLÍTICA AGRÍCOLA COMÚN (PAC)**

### **2.1. ORIXE DA PAC**

A orixe da PAC remóntase aos anos 50, nunha Europa occidental a poboación da cal estaba marcada polos anos de guerra e na que a agricultura quedara paralizada e o abastecemento de alimentos non podía garantirse.

O obxectivo central desta primeira PAC foi fomentar a mellora da produtividade agrícola, de forma que os consumidores dispuxesen



dunha subministración estable de alimentos a prezos alcanzables, e garantir que a UE dispoñía dun sector agrícola viable. A PAC ofrecía subvencións e sistemas que garantían prezos elevados aos agricultores, proporcionando incentivos para que producisen máis. Neste sentido, concedíase asistencia financeira para a reestruturación da agricultura, por exemplo mediante subsidios aos investimentos agrícolas para favorecer o crecemento das explotacións e da xestión de coñecementos tecnolóxicos, para adaptarse ás condicións económico-sociais de entón. Introducíronse determinadas medidas de axuda á xubilación anticipada, á formación profesional e en apoio das rexións máis desfavorecidas.

A partir dos anos 80, a PAC alcanzou o seu obxectivo de facer evolucionar á UE cara á autosuficiencia. Non obstante, a UE tivo que enfrontarse tamén con excedentes case permanentes dos principais produtos agrícolas, algúns dos cales se exportaron (con axuda de subvencións), mentres que outros tiveron que ser almacenados ou eliminados dentro da UE. Estas medidas supuxeron un custo presupostario elevado, provocaron distorsións nalgúns mercados mundiais, e non sempre redundaron en interese dos agricultores, ata o punto de que pronto se fixeron impopulares entre consumidores e contribuíntes. Ao mesmo tempo a sociedade íase preocupando cada vez máis polo desenvolvemento sostible da agricultura e da súa relación co medio, e o Cumio para a Terra, celebrada a principios dos anos 90 en Río de Janeiro (1992) supuxo un fito crucial.



## 2.2. A REFORMA DA PAC

Nos anos 80 a PAC xa experimentara moitos cambios importantes, pero a maioría producíronse a principio dos 90. Os límites na produción contribuíron a reducir excedentes (cotas leiteiras en 1983).

Por primeira vez fíxose fincapé nunha agricultura respectuosa do medio. Os agricultores tiveron que poñer máis atención no mercado, ao tempo que recibían axudas directas á renda, e responder ás novas prioridades do público (Reforma MacSharry de 1992).

Este cambio de orientación da PAC, que se realizou en 1999 coa Axenda 2000, e que fomenta a competitividade da agricultura europea, engadiu tamén un elemento novo e esencial: unha política de desenvolvemento rural, que fomentaba moitas iniciativas rurais e ao mesmo tempo axudaba aos agricultores a reestruturar as súas explotacións, diversificar a súa produción e mellorar a comercialización dos seus produtos. Púxose un límite máximo ao presuposto para tranquilizar os contribuíntes, que temían que os custos da PAC puidesen dispararse.

Por último, en 2003 acordouse outra nova reforma fundamental.

Os agricultores xa non obteñen as axudas simplemente por producir alimentos. A PAC de hoxe evoluciona en función da demanda. Ten plenamente en conta as inquietudes dos consumidores e contribuíntes, e deixa liberdade aos agricultores da Unión para producir o que necesita o mercado. Antes, canto máis producían os agricultores, máis subvencións recibían. Agora, a inmensa maioría da axuda aos agricultores págase independentemente de canto



produzan. Co novo sistema, os agricultores seguen recibindo axudas directas á renda para manter a estabilidade dos seus ingresos, pero elimínase o vínculo das axudas coa produción. Ademais, os agricultores teñen que respectar unha serie de normas ambientais, de inocuidade dos alimentos, de sanidade vexetal e de benestar dos animais. Os agricultores que incumpran estas normas verán reducirse as súas axudas directas (unha condición coñecida como «condicionalidade»). A ruptura da relación entre axudas e produción (xeralmente denominada «disociación») permitirá aos agricultores da UE orientarse máis polas regras do mercado. Poderán optar por producir en función do que lles resulte máis rendible, ao tempo que gozan tamén da estabilidade de ingresos necesaria.

Esta serie de reformas configuran un futuro máis prometedor para a PAC de hoxe, facendo máis visible o seu valor para toda a sociedade.

As axudas directas da PAC están condicionadas ou subordinadas ao cumprimento dunhas normas.

Boas condicións agrarias e medioambientais	Medidas para a protección e a conservación do solo	
	Medidas para garantir un mantemento mínimo das superficies agrícolas	
	Medidas para evitar o deterioro dos hábitats	
Requisitos legais de xestión	Medio Ambiente	Conservación das aves silvestres
		Protección de augas subterráneas fronte á contaminación por substancias perigosas
		Protección do solo en relación a lodos de depuradora
		Protección de augas fronte á contaminación por nitratos
		Conservación dos hábitats naturais, fauna e flora silvestres



	Sanidade animal	Notificación de febre aftosa, enfermidade vesicular porcina, lingua azul e outras enfermidades animais
	Saúde pública	Comercialización de fitosanitarios
		Prohibición de substancias de efecto hormonal e tireostático na cría de gando
		Seguridade alimentaria
		Prevenção, control e erradicación de encefalopatías esponxiformes
	Benestar animal	Protección dos xatos
		Protección dos porcos
		Protección dos animais nas explotacións gandeiras
	Identificación e rexistro	Identificación e rexistro de animais

## 2.4. OBXECTIVOS DA PAC

O seu obxectivo é apoiar a renda dos agricultores, ao tempo que os anima a acadar os produtos de alta calidade que esixe o mercado e a buscar novas oportunidades de desenvolvemento, como son as fontes de enerxía renovables, en harmonía co medio ambiente.

Entre os obxectivos da PAC están:

- Asegurar unha oferta estable de alimentos sans e asequibles á poboación.
- Dar un nivel de vida razoable aos agricultores comunitarios, permitindo ao mesmo tempo ao sector agrícola modernizarse e desenvolverse.
- Facer posible que todas as rexións da Unión Europea poidan manter a súa agricultura.
- Mellorar a calidade dos alimentos europeos.



COMISIÓN EUROPEA  
Dirección General de Agricultura

- Garantir a inocuidade alimentaria.
- Procurar o benestar da sociedade rural.
- Asegurar a protección do medio ambiente en beneficio das futuras xeracións.
- Mellorar as condicións sanitarias dos animais e o seu benestar.
- Acadar todos estes obxectivos a un custe mínimo para o orzamento comunitario (que está financiado principalmente polos contribuíntes, é dicir, polos cidadáns da Unión Europea).



COMISIÓN EUROPEA  
Dirección General de Agricultura



COMISIÓN EUROPEA  
Dirección General de Agricultura

## **MÓDULO II: MULTIFUNCIONALIDADE DA AGRICULTURA**



COMISIÓN EUROPEA  
Dirección General de Agricultura




## 1. MULTIFUNCIONALIDADE DA AGRICULTURA

### 1.1. INTRODUCCIÓN

A PAC favorece que os agricultores da Unión Europea desempeñen un papel multifuncional: producen alimentos de calidade, protexen o medioambiente, conservan a paisaxe e manteñen o tecido económico e social das zonas rurais. Este papel multifuncional repercute en beneficio da sociedade en xeral.

As funcións da agricultura poden clasificarse segundo o establecido neste esquema:



A función primaria é unha función comercial, xa que é remunerada monetariamente pola sociedade a través dos mercados.



As funcións ambientais e social e territorial son funcións non comerciais, xa que se tratan de bens e servizos xerados pero non remunerados polos mercados.

## **1.2. PRODUCCIÓN DE ALIMENTOS E MATERIAS PRIMAS**

En Galicia a maioría das granxas son familiares e combinan a agricultura e a gandería coa xestión do monte. Estas granxas constitúen unha importante fonte de traballo a nivel local e desenvolven un papel moi importante no mundo rural.

A produción agraria en Galicia é moi diversa:

- Produtos de horta: pataca, leituga, tomate, xudía, pemento, etc.
- Froitas: uva, kiwi, mazá, pera, níspero, castaña, etc.
- Alimentos para o gando: millo, herba, etc.
- Carne: porco, vitela, polo, año, coello, etc
- Outros produtos gandeiros: leite, ovos, mel, etc.
- Produtos forestais.

Para desenvolver a súa actividade, os agricultores e gandeiros deben conxugar diversos coñecementos e habilidades:

- Coñecementos técnicos: produción, sanidade, xestión económica, normativa ambiental, trámites burocráticos, etc.
- Habilidades: manexo de maquinaria e equipos, dotes comerciais, etc.



### **1.2.1. Etiquetado dos produtos de calidade**

Algúns produtos agroalimentarios son distinguidos pola súa calidade mediante o emprego das seguintes etiquetas:

- A Denominación de Orixe Protexida (DOP) designa o nome dun produto producido, transformado e elaborado nunha zona xeográfica determinada, cuns coñecementos específicos recoñecidos e comprobados.

En Galicia hai 4 D.O. de queixo: Arzúa-Ulloa, Tetilla, Cebreiro e San Simón da Costa e 5 D.O. de viño: Ribeiro, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Monterrei e Valdeorras.

- Na Indicación Xeográfica Protexida (IXP) o vínculo co medio xeográfico segue presente polo menos nalgunha das etapas da produción, da transformación ou da elaboración. Ademais, o produto pódese beneficiar dunha boa reputación.

En Galicia hai 2 IXP de carne: Terneira galega e Lacón galego. Outros produtos distinguidos coa IXP en Galicia son: Mel de Galicia, Pataca de Galicia e Pan de Cea.

- A Especialidade Tradicional Garantida (ETG) non fai referencia á orixe, ten por obxecto destacar unha composición tradicional do produto ou un xeito de produción tradicional. Por exemplo o xamón serrano.
- Os produtos de Agricultura Ecolóxica (AE) son alimentos naturais obtidos con técnicas respectuosas para o medioambiente.



### **1.3. PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE**

Para poder recibir axudas da PAC, os agricultores e gandeiros teñen que cumprir unhas normas chamadas “Condicionabilidade”.

Estas normas indican aos agricultores e gandeiros as súas obrigas para a protección do medio ambiente (solo, auga, hábitats e aves) , para o benestar dos animais que crían e para a saúde dos consumidores.

Así por exemplo:

- Os terreos cultivados impiden a erosión, conservan os solos e evitan os incendios forestais.
- Empregando axeitadamente os fertilizantes e fitosanitarios protéxese a calidade dos ríos e dos ecosistemas húmidos, garantindo a calidade das augas para o consumo humano e agrícola.
- A actividade agraria conserva os hábitats e a súa fauna e flora.
- A actividade agraria conserva as aves silvestres ao proporcionarlles alimento e acubillo.
- Os bosques son unha fonte de renda e emprego nas zonas rurais, teñen un efecto positivo na paisaxe e na biodiversidade, contrarrestan o “efecto invernadoiro” e a ameaza de quencemento do planeta por ser sumidoiros de carbono.
- A agricultura contribúe á mitigación do cambio climático: secuestrando carbono nos solos e proporcionando materias primas para enerxías renovables: cultivos agroenerxéticos e biocombustibles.
- A actividade agraria protexe a biodiversidade silvestre e agraria.



#### Razas gandeiras autóctonas:

- Bovinos: Cachena, caldelá, frieiresa, limiá e vianesa.
- Ovinos/cabrúns: Ovella galega.
- Equinos: Cabalo pura raza galega.
- Aves: Galiña de Mos.
- Porcinos: Porco Celta.

#### Especies vexetais autóctonas en risco de erosión xenética:

- Trigo callobre.
- Faba galaica, faba do marisco ou verdiña e faba de ril (White Kidney).
- Pemento de Arnoia, pemento de Herbón, pemento do Couto e pemento de Oímbra.
- Grelo de Santiago e grelo branco de Lugo.
- Pataca fina de Carballo.
- Viñedo de vinificación: merenzao, brancellao, sousón, ferrón ou ferrol, espadeiro, caíño tinto, María Ordoña ou bastardo, loureira, caíño tinto e monstruosa ou branca de Monterrei.

### **1.4. CONSERVACIÓN DA PAISAXE**

Ao longo de séculos a agricultura contribuíu á creación e conservación de diversos e valiosos hábitats seminaturais que hoxe configuran a maior parte da paisaxe da Unión Europea e acolle unha fauna e flora moi variadas.



O mantemento destes ecosistemas seminaturais e a conservación da súa fauna e flora asociada depende da continuidade da actividade agraria. O abandono do monte ocasiona incendios forestais.

A paisaxe é unha compoñente fundamental do patrimonio cultural e natural europeo, contribúe á formación das culturas locais, constitúe un recurso favorable para a actividade económica de moitas zonas, contribúe á consolidación da identidade europea, e é un elemento clave para o benestar individual e social e que aumenta a calidade de vida.

### **1.5. MANTEMENTO DO TECIDO SOCIOECONÓMICO NAS ZONAS RURAIS**

A maioría das granxas de Galicia son “familiares”, é dicir, nelas traballan os membros da familia e non adoitan ter empregados de fora.

A partir da actividade agraria xorden outros negocios e empregos: cooperativas, veterinarios, transportistas, industrias agroalimentarias, etc.

Por outra banda, os habitantes do rural demandan servizos públicos (educación, sanidade, xestión de trámites, seguridade, etc), e servizos privados (comercio, banca, ocio, etc).

Mentres haxa agricultura e traballadores no rural, os pobos e aldeas permanecen vivos, e con eles o patrimonio e a cultura.



COMISIÓN EUROPEA  
Dirección General de Agricultura

## **MÓDULO III: A PAC E O DESENVOLVIMENTO RURAL**





COMISIÓN EUROPEA  
Dirección General de Agricultura





## 1. INTRODUCCIÓN

### 2. IMPORTANCIA DAS ZONAS RURAIS

As zonas rurais ocupan case todo o territorio: o 91% de Europa e o 88% de Galicia.



A pesares de ser as que mais ocupan, estas zonas están pouco poboadas: O 56% dos europeos e o 34,87% dos galegos vive en zonas rurais.






## 2.1. AS MEDIDAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA PAC

As medidas de Desenvolvemento Rural da PAC buscan:

1. Facer das zonas rurais un lugar máis atractivo para vivir e traballar.
2. Que haxa xente de todas as idades: nenos/as, mozos/as e vellos/as.
3. Que estas zonas sexan valoradas como merecen polo conxunto da sociedade.

Estas medidas divídense en catro eixes:

1. Mellora da competitividade do sector agrario e forestal.
2. Mellora do ambiente e o medio rural
3. Calidade de vida nas zonas rurais e diversificación da economía rural
4. Aplicación da metodoloxía Leader





EIXE	Contribución pública total (€)	Contribución do FEADER (€)	Importe FEADER (€)	% LEADER
Eixe 1	690 859 256 €	57,56%	397 658 588 €	46.43%
Eixe 2	484 791 303 €	57,56%	279 045 874 €	32.58%
Eixe 3	154 288 150 €	57,56%	88 808 259 €	10.37%
Eixe 4	148 798 839 €	57,56%	85 648 612 €	10.00%
Asistencia técnica	9 250 832 €	57,56%	5 324 779 €	0.62%
TOTAL	1 487 988 380 €	57,56%	856 486 112 €	100.00%

Fonte: Programa de Desenvolvemento Rural de Galiza 2007-2013.

### **1.1.1 Eixe 1: Mellora da competitividade do sector agrario e forestal.**

Medidas dirixidas a promover o coñecemento e mellorar o potencial humano:

- Accións de información e formación profesional.
- Instalación de agricultores mozos.
- Xubilación anticipada dos agricultores e dos traballadores agrícolas.
- Utilización de servizos de asesoramento por parte de agricultores e silvicultores.
- Implantación de servizos de asesoramento, xestión e substitución.

Medidas destinadas a reestruturar e desenvolver o potencial físico e promover a innovación:

- Modernización de explotacións agrícolas.



- Aumento do valor económico dos bosques.
- Mellora do valor engadido dos produtos agrícolas e silvícolas.
- Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías na agricultura, a alimentación e a silvicultura.
- Infraestruturas relacionadas co desenvolvemento e a adaptación da agricultura e a silvicultura.

Medidas dirixidas a mellorar a calidade dos produtos agrícolas:

- Cumprimento das normas baseadas na normativa comunitaria.
- Apoio aos agricultores que participan en programas relativos á calidade dos alimentos.
- Actividades de información e promoción.

### **1.1.2 Eixe 2: Mellora do ambiente e o medio rural**

Medidas que se centran na utilización sostíbel de terras agrícolas:

- Axudas destinadas a indemnizar os agricultores polas dificultades naturais en zonas de montaña.
- Axudas destinadas a indemnizar os agricultores polas dificultades naturais en zonas distintas das de montaña.
- Axudas agroambientais.
- Axudas relativas ao benestar dos animais.
- Axudas aos investimentos non produtivos.



Medidas que se centran no uso sostíbel das terras forestais:

- Primeiro repoboamento forestal de superficies agrícolas (só recolle os compromisos adquiridos durante o período 2000-2006 e imputábeis ao Feader).
- Primeira implantación de sistemas agroforestais en áreas agrícolas.
- Primeiro repoboamento forestal en terras non agrícolas.
- Restauración do potencial silvícola e introdución de accións de prevención.
- Axudas a investimentos non produtivos.

### **1.1.3 Eixe 3: Calidade de vida nas zonas rurais e diversificación da economía rural**

Medidas para diversificar a economía rural:

- Diversificación cara a actividades non agrícolas.
- Axuda á creación e ao desenvolvemento de microempresas.
- Fomento de actividades turísticas.

Medidas destinadas a mellorar a calidade de vida nas zonas rurais:

- Servizos básicos para a economía e a poboación rural.
- Conservación e mellora do patrimonio rural.



#### **1.1.4 Eixe 4: Aplicación da metodoloxía LEADER**

O programa LEADER baséase en aplicar estratexias locais para o desenvolvemento rural a través de asociacións locais entre os sectores públicos e privados.

O elemento esencial da metodoloxía LEADER é que se trata de “procesos de abaixo cara a arriba”. A estratexia ou programa de desenvolvemento defínese no ámbito local ou comarcal e as decisións, liñas que se propoñen, proxectos que se financian..., son tomadas nese mesmo ámbito por unións (partenariados) de axentes públicos e privados, os chamados Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR). Implica unha formulación multisectorial, tanto na dimensión económica, non só o sector primario, como no resto de dimensións sociais: equipamentos, servizos e dotacións públicas, patrimonio cultural, medioambiente, relacións sociais....

Incorpórase a innovación como un elemento relevante, non entendida unicamente como elemento tecnolóxico, senón como novos xeitos de enfrontar os procesos no territorio, a solución de problemas, a participación e implicación da poboación, a satisfacción das necesidades... Un último elemento definitorio da metodoloxía LEADER é o traballo en rede e a cooperación entre territorios xa que a aposta por un medio rural vivo pasa por establecer alianzas entre os distintos territorios rurais.

Os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Galicia son 31:



COMISIÓN EUROPEA  
Dirección General de Agricultura



Fonte: AGADER

O Grupo de Desenvolvemento Rural elabora unha estratexia de desenvolvemento comarcal. Nela inclúense cales son as principais posibilidades, oportunidades e necesidades do seu territorio do punto de vista produtivo, económico, dotacional, social etc. Esta estratexia preséntase á convocatoria do programa para o período 2007-2013 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), ente público xestor do programa LEADER en Galiza.



O grupo conta cunha estrutura técnica que se dedica ao labor de dinamización, mobilización e promoción para aplicar a estratexia deseñada para ese territorio co obxectivo de que xurdan proxectos que se poidan financiar ao abeiro do programa. É o propio GDR quen se encarga de analizar e valorar os proxectos e, en función diso, o seu órgano directivo atribúe unha porcentaxe da axuda, partindo duns criterios predefinidos. A decisión trasládase a AGADER que, logo de revisar que a atribución do GDR se axusta á normativa, resolve a concesión da axuda.

Calquera persoa física ou xurídica que promova un proxecto no ámbito de actuación dun Grupo de Desenvolvemento Rural pode solicitar unha subvención. Os promotores non precisan formar parte do GDR para obter financiamento do programa LEADER. O que se debe ter en conta é que en función do proxecto pode haber restricións adicionais que recolle a normativa de aplicación (ex: para os proxectos de natureza económica exclúense as grandes empresas).

A valoración do GDR determinará a porcentaxe de subvención para cada proxecto. Así e todo, para os proxectos de natureza produtiva – os que se destinan a producir bens ou prestar servizos orientados ao mercado – non han superar nunca o 50% de axuda pública. Pola contra, os proxectos de natureza non produtiva – os que se destinan á prestación de servizos públicos gratuítos, a dotacións ou a mellorar a calidade de vida no rural – poden chegar a acadar o 100% do financiamento, aínda que como norma xeral o promotor sempre deberá facer algunha achega.



COMISIÓN EUROPEA  
Dirección General de Agricultura

**ANEXO: PARA SABER MÁIS**



COMISIÓN EUROPEA  
Dirección General de Agricultura



## 1. RECURSOS

Se che interesa ampliar a información sobre os temas tratados nesta xornada podes consultar os seguintes recursos.

### 1.1. Información xeral da Unión Europea

- Feitos e cifras claves sobre Europa e os europeos.  
[http://ec.europa.eu/publications/booklets/eu\\_glance/66/es.pdf](http://ec.europa.eu/publications/booklets/eu_glance/66/es.pdf)
- Rede europea de escolas (Recursos para alumnos e profesores)  
<http://www.europeanschoolnet.org>

### 1.2. Información sobre a PAC

- A Política Agrícola Común en detalle.  
[http://ec.europa.eu/agriculture/capexplained/index\\_es.htm](http://ec.europa.eu/agriculture/capexplained/index_es.htm)
- Actividades da Unión Europea en materia de agricultura.  
[http://europa.eu/pol/agr/index\\_es.htm](http://europa.eu/pol/agr/index_es.htm)
- Que opinamos os europeos sobre a agricultura e a Política Agrícola Común? Eurobarómetro especial de marzo de 2008.  
[http://ec.europa.eu/public\\_opinion/archives/ebs/ebs\\_294\\_en.pdf](http://ec.europa.eu/public_opinion/archives/ebs/ebs_294_en.pdf)



### 1.3. Recursos para a formación

- Centros de formación agroforestal da Consellaría do Medio Rural. Ofrecen ciclos de grado superior e medios, programas de garantía social e módulos profesionais.

[http://mediorural.xunta.es/investigacion/c\\_formacion/index.php](http://mediorural.xunta.es/investigacion/c_formacion/index.php)

- Accións formativas para profesionais de los distintos subsectores do sector primario, para os futuros profesionais do sector e para os habitantes do medio rural coa que se incentiva no medio rural a modernización e a adaptación das explotacións agrarias, se favorece a incorporación dos mozos ao sector primario e se profesionalizan os traballadores do sector.

[http://mediorural.xunta.es/investigacion/f\\_agroforestal/index.php?tema#tabs](http://mediorural.xunta.es/investigacion/f_agroforestal/index.php?tema#tabs)

- Titulacións universitarias relacionadas.

<http://www.usc.es/gl/titulacions/>

<http://www.uvigo.es/estudios/titulacions/index.gl.htm>

<http://www.udc.es/estudios/ga/planes/>

- Axudas para a realización de másters oficiais de postgrado en materia agroforestal nas universidades públicas de Galicia.

[http://www.usc.es/epslogo/novedades/bolsas\\_master.pdf](http://www.usc.es/epslogo/novedades/bolsas_master.pdf)

- Axudas para o alumnado que inicie ensinanzas de formación profesional de grado medio en familias profesionais non vocacionais demandadas polo mercado laboral. (Dog 26/09/08).



COMISIÓN EUROPEA  
Dirección General de Agricultura

[http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/a195ab527ca4ba3bc12574cf004a3e99/\\$FILE/18700D006P023.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/a195ab527ca4ba3bc12574cf004a3e99/$FILE/18700D006P023.PDF)

#### **1.4. Recursos para o emprego**

- Bolsas de formación de tecnólogos e persoal de apoio á investigación, bolsas de prácticas para os recentemente titulados en especialidades agrarias, forestais, veterinaria e tecnoloxía dos alimentos e bolsas de prácticas para alumnos e recentemente titulados de formación profesional da familia agraria.

(Dog 15/02/2008).

- Axudas para a incorporación de novos activos agrarios.

<http://mediorural.xunta.es/infraestructuras/principal/index.php?id=596>

- Subvencións a proxectos a través da iniciativa LEADER.

<http://agader.xunta.es/EixoLeader.do>

- Subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia.

[http://agader.xunta.es/Axudas\\_Agader.do](http://agader.xunta.es/Axudas_Agader.do)

- Axudas autoemprego e cooperativismo

[http://traballo.xunta.es/contenidos/gi/menu\\_transversal/ayudas\\_subvenciones/portada\\_ayudas](http://traballo.xunta.es/contenidos/gi/menu_transversal/ayudas_subvenciones/portada_ayudas)

- Buscador de axudas e subvencións.

<http://app.igape.es/.axudas/>

